**Aquel alumnado que desexe aumentar a súa nota de acceso inicial, poderá presentarse á fase específica ou parte voluntaria das probas de acceso á universidade organizadas por:**

- A Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), que se celebrará nos centros asociados da UNED, ou nos lugares que acorde o órgano competente desta.

- O Sistema Universitario de Galicia (SUG) a través da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG). Neste caso só poderá presentarse o alumnado con credencial da UNED ou resolución de homologación do MECD de anos anteriores e que acrediten a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia.
- (Real Decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao).

### 3. COMISIÓN ORGANIZADORA

A comisión organizadora da proba de acceso prevista no artigo 16 do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, é a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG), [CiUG@CiUG.gal](mailto:CiUG@CiUG.gal), que está integrada por representantes das tres universidades públicas de Galicia, da Administración educativa e do profesorado de bacharelato de centros públicos.

### 4. SOLICITUDE DE MATRÍCULA

- a) O alumnado formalizará a súa solicitude de matrícula para a proba de acceso nas datas e nos lugares que determine a comisión organizadora da proba.
- b) O alumnado que superase o bacharelato neste curso entregará a solicitude de matrícula para a proba de acceso na secretaría do centro no que superase o segundo curso de bacharelato, segundo o modelo facilitado pola CIUG, e indicará as materias elixidas para a realización da fase xeral e da fase específica.
- c) O alumnado que desexe concorrer á proba de acceso deberá aboar as taxas correspondentes, de acordo co disposto no decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais na ensinanza universitaria. Estes trámites realizaranse no centro de educación secundaria no que o alumnado supere o bacharelato e nos prazos que determine a CiUG.
- d) O alumnado ao que corresponda formalizar a súa matrícula na fase de matrícula anticipada, esta efectuarase preferentemente a través da aplicación informática Nerta, <https://www.edu.xunta.es/nerta/>. De facelo nos lugares de entrega e recollida de documentación (LERD) habilitados en cada un dos sete campus de Galicia, deberá facerse no LERD correspondente en horario de 9:00 a 14:00 horas.

#### 4.1. Fases e prazos de matrícula

A Resolución do 11 de febreiro de 2019, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2018/19, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2019/20, establece a regulación das ditas probas en Galicia, en aplicación da Orde do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade PCI/12/2019, do 14 de xaneiro, que determina as características, o deseño e o contido da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2018/19. A solicitude de matrícula terá as seguintes FASES e características:

##### 4.1.1. Matrícula anticipada: mes de maio

Poderán matricularse no prazo sinalado para **matrícula anticipada**, as persoas que obtivesen o título de bacharelato ou declarado equivalente en anos anteriores ao curso no que se queira matricular e se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- a) Alumnado dos centros de bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia que obtivese o título de bacharelato en anos anteriores, pero non teña aprobada a ABAU ou a PAU, deberá matricularse obrigatoriamente da proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) e, de ser o caso, da parte voluntaria da dita proba.
- b) Alumnado dos centros de bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia que tendo aprobada a ABAU ou PAU desexe mellorar a súa cualificación. Poderá matricularse da parte obrigatoria e/ou da parte voluntaria da ABAU.
- c) Alumnado dos centros de bacharelato de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia que tendo aprobada a

ABAU ou a PAU desexe mellorar a súa cualificación. Poderá matricularse da parte obrigatoria e/ou da parte voluntaria da ABAU. (Deberá acreditar a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia e solicitar na Inspección Educativa a adxudicación de centro para a realización das probas).

- d) Alumnado procedente de ordenacións educativas anteriores (PREU, COU, LOXSE, MÚSICA E DANZA) en posesión do título de bacharelato ou equivalente, que desexe mellorar a súa cualificación de acceso. Poderá matricularse da parte obrigatoria e/ou da parte voluntaria da ABAU. O alumnado dos centros de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia deberá acreditar a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia e solicitar na Inspección Educativa a adxudicación de centro para a realización das probas).
- e) Alumnado de FP de anos anteriores que estea en posesión do título de técnico superior de FP, técnico superior de artes plásticas e deseño ou técnico deportivo superior ou títulos equivalentes que desexe mellorar a súa cualificación de acceso poderá matricularse unicamente da parte voluntaria da ABAU. (O alumnado dos centros de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia deberá acreditar a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia e solicitar na Inspección Educativa a adxudicación de centro para a realización das probas).
- f) Alumnado de anos anteriores en posesión do título de bacharelato europeo en virtude das disposicións contidas no convenio polo que se establece o Estatuto das Escolas Europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e/ou alumnado que obtivese o diploma do bacharelato internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza), que desexe mellorar a súa cualificación. Poderá matricularse unicamente da parte voluntaria da ABAU. (O alumnado dos centros de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia deberá acreditar a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia e solicitar na Inspección Educativa a adxudicación de centro para a realización das probas).
- g) Alumnado de anos anteriores procedente de sistemas educativos de estados membros da UE ou de estados cos que se subscribisen acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades que desexe mellorar a súa cualificación. Poderá matricularse unicamente da parte voluntaria da ABAU segundo establece o Real decreto 412/2014, do 6 de xuño.  
(Deberá acreditar a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia e solicitar na Inspección Educativa a adxudicación de centro para a realización das probas).
- h) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de bacharelato do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de estados membros da UE ou de estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que non cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades (Real decreto 412/2014, do 6 de xuño), que desexe mellorar a súa nota de acceso á universidade (NAU= nota media do título homologado) mediante a realización da parte obrigatoria e, se é o caso, da parte voluntaria da ABAU. Poderá matricularse da parte obrigatoria e, de ser o caso, da parte voluntaria da ABAU. (Deberá acreditar a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia e solicitar na Inspección Educativa a adxudicación de centro para a realización das probas).
- i) Alumnado de anos anteriores procedentes de sistemas educativos de estados que non sexan membros da UE cos que non se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades e que desexe mellorar a súa nota de acceso á universidade (NAU= nota media do título homologado). Poderá matricularse unicamente da parte voluntaria da ABAU. (Deberá acreditar a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia e solicitar na Inspección Educativa a adxudicación de centro para a realización das probas).
- k) Alumnado de anos anteriores procedentes de sistemas educativos de estados que non sexan membros da UE cos que non se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que non cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades e que desexe mellorar a súa nota de acceso á universidade (NAU= nota media do título homologado) mediante a realización da parte obrigatoria e, de ser o caso, da parte voluntaria da ABAU. Poderá matricularse da parte obrigatoria e, de ser o caso, da parte voluntaria da ABAU. (Deberá acreditar a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia e solicitar na Inspección Educativa a adxudicación de centro para a realización das probas).
- l) Alumnado de FP pertencente a centros da Comunidade Autónoma de Galicia que estea en disposición de acadar o título de técnico superior de FP, artes plásticas e deseño ou técnico deportivo superior ou equivalen-

te na convocatoria do curso actual, e queiran mellorar a súa nota de acceso á universidade (NAU= nota media do título) mediante a realización da parte voluntaria da ABAU (deberán presentar certificación académica oficial provisional).

## DOCUMENTACIÓN PARA REALIZAR A MATRÍCULA ANTICIPADA

### Documentos comúns a todo o alumnado

- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Resgardo acreditativo de ter aboados os prezos públicos de matrícula ou, se é o caso, documentación que acredite a exención destes, segundo o estipulado na convocatoria de matrícula.
- Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cuberto (datos persoais, académicos, e de matrícula para a ABAU).

**(O alumnado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia, cos seus datos académicos informatizados na aplicación NERTA, só ten que presentar o resgardo acreditativo de ter aboados os prezos de matrícula ou, se é o caso, a documentación que acredite a súa exención).**

### Documentos específicos

#### ALUMNADO DOS CENTROS DE BACHARELATO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

**a) Que obtivesen o título de bacharelato en anos anteriores, pero non se presentase ás probas de acceso á universidade (PAU ou ABAU).**

- Fotocopia compulsada do título de bacharelato ou, se é o caso, resgardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste.
- Certificación expedida polo centro onde consten as cualificacións dos dous cursos de bacharelato ou equivalente.

**Nota: este alumnado presentase á proba de acceso polo mesmo centro no que cursase o segundo curso de bacharelato, agás o que lle solicitase á Inspección Educativa presentarse polo centro máis próximo ao seu lugar de residencia.**

**b) Alumnado procedente de ordenacións educativas anteriores (PREU, COU, LOXSE, MÚSICA e DANZA) en posesión do título de bacharelato ou equivalentes.**

**> Alumnado de PREU, COU e LOXSE:**

- Fotocopia compulsada do título de bacharelato ou, se é o caso, resgardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste.
- Certificación expedida polo centro, onde consten as cualificacións dos dous cursos de bacharelato ou equivalente.

**Nota: o alumnado de PREU, COU e bacharelato LOXSE presentase á ABAU polo mesmo centro no que cursase o PREU, COU e/ou segundo curso de bacharelato, agás o que lle solicitase á Inspección Educativa presentarse polo centro máis próximo ao seu lugar de residencia.**

**> Alumnado de Música e Danza:**

- Resolución da inspección da consellería de adscrición ao centro polo que concorrerá á proba.
- Certificación de estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente.
- Certificación das cualificacións obtidas nos seus estudos do 3.º ciclo de Música e Danza.

**c) Alumnado de FP de anos anteriores que estea en posesión do título de técnico superior (TSFP, técnico superior artes plásticas e deseño, técnico deportivo superior ou equivalentes) e desexen realizar a parte voluntaria da ABAU**

- Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, segundo o modelo oficial que a CiUG lles facilitará aos centros.
- Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.

**d) Alumnado de formación profesional que estea en disposición de acadar o título correspondente de técnico superior na convocatoria de xuño.**

- Certificación académica oficial provisional expedida polo centro na que conste a superación de todos os módulos que compoñen o ciclo formativo de que se trate, a excepción dos módulos sinalados no punto 4 do artigo 27 da Orde do 24 de marzo de 2001:
- Módulo de Formación en Centros de Traballo e, se é o caso, do Módulo de Proxecto (técnico superior de FP).
- Módulo de Formación Práctica en Empresas, Estudo e Talleres e o Módulo de Proxecto Integrado (técnico superior de artes plásticas e deseño).
- Módulos de Formación Práctica e de Proxecto Final (técnico deportivo superior).

**ALUMNADO DOS CENTROS DE BACHARELATO DE FÓRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

**a) Alumnado dos centros de bacharelato de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia que, tendo aprobada a PAU ou ABAU desexe mellorar a súa cualificación.**

- Fotocopia compulsada da tarxeta de cualificación da PAU ou da ABAU.
- Resolución da inspección da consellería de adscrición ao centro polo que concorrerá á proba.
- Acreditación da súa residencia actual en Galicia.

**b) Alumnado de FP de anos anteriores que estea en posesión do título de técnico superior (TSFP, TS artes plásticas e deseño, técnico deportivo superior ou equivalentes) e desexen realizar a parte voluntaria da ABAU.**

- Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, para os estudantes de ciclos formativos de grao superior, na certificación deberán constar as cualificacións obtidas nos módulos.
- Acreditación da súa residencia actual na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de bacharelato desta comunidade autónoma, polo que concorrerá á proba.

**c) Alumnado de anos anteriores en posesión do título de bacharelato europeo en virtude das disposicións contidas no convenio que establece o Estatuto de Escolas Europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e/ou alumnado que obtivese o diploma do bacharelato internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza) e desexen realizar a parte voluntaria da ABAU.**

- Credencial expedida pola UNED na que conste que o alumnado cumpre os requisitos de acceso á universidade no sistema educativo de orixe.
- Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de bacharelato desta comunidade autónoma polo que concorrerá á proba.
- Acreditación da súa residencia actual na Comunidade Autónoma de Galicia.

**d) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de bacharelato, aos títulos superiores de FP, de Artes Plásticas e Deseño, ou de Técnico Deportivo Superior do Sistema Educativo Español procedente de sistemas educativos de estados membros da Unión Europea ou de estados cos que se subscribisen acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpra os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades, que desexe mellorar a súa cualificación ou nota de acceso á universidade (NAU= nota media do título homologado) mediante a realización da parte voluntaria da ABAU.**

- Credencial expedida pola UNED na que conste que o alumnado cumpre os requisitos de acceso á universidade no sistema educativo de orixe.
- Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de bacharelato desta comunidade autónoma, polo que concorrerá á proba.
- Acreditación da súa residencia actual na Comunidade Autónoma de Galicia.

**e) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de bacharelato do sistema educativo español, procedente de sistemas educativos de estados membros da Unión Europea ou de estados cos que se subscribisen acordos internacionais aplicables ao respecto, que non cumpra os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades, que desexe mellorar a súa cualificación ou nota de acceso á universidade (NAU= nota media do título homologado) mediante a realización da parte obrigatoria e, de ser o caso, da parte voluntaria da ABAU.**

- Homologación do título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros.
- Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de bacharelato desta comunidade autónoma, polo que concorrerá á proba.
- Acreditación da súa residencia actual na Comunidade Autónoma de Galicia.

**f) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de bacharelato do sistema educativo español, procedentes de sistemas educativos de estados que non sexan membros da UE cos que non se subscribisen acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpra os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades e que desexe mellorar a súa cualificación mediante a realización da parte voluntaria da ABAU.**

- Homologación do título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros.
- Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de bacharelato desta comunidade autónoma polo que concorrerá á proba.
- Acreditación da súa residencia actual na Comunidade Autónoma de Galicia.

**g) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de bacharelato do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de estados que non sexan membros da Unión Europea cos que non se subscribisen acordos internacionais aplicables ao respecto, que non cumpra os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades e que desexe mellorar a súa cualificación mediante a realización da parte obrigatoria e/ou da parte voluntaria da ABAU.**

- Homologación do título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros.
- Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de bacharelato desta comunidade autónoma, polo que concorrerá á proba.
- Acreditación da súa residencia actual na Comunidade Autónoma de Galicia.

## REQUISITOS QUE DEBE REUNIR A DOCUMENTACIÓN

### Presentación da documentación

De conformidade co disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os documentos que se dirixan á CiUG, ademais dos LERD indicados no **anexo I**, poderán presentarse nalgún dos seguintes rexistros:

- a) Nos rexistros xerais das tres universidades do SUG ou nos rexistros auxiliares.
- b) Nos rexistros oficiais da Administración Xeral do Estado ou das comunidades autónomas.
- c) Nos rexistros de entidades que integran a Administración Local, sempre que se asinase o oportuno convenio.
- d) Nas oficinas de correos de España, na forma que regulamentariamente está establecida.
- e) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

**Nota:** Requirirase a presentación do orixinal cando nas copias compulsadas non se identifique claramente o organismo que expide a compulsu ou o cargo, nome e apelidos de quen as asina.

Non se admitirá ningún documento compulsado ou cotexado por órganos ou unidades administrativas distintas ás citadas neste apartado. Neste caso, requirirase a presentación do orixinal para a súa comprobación pola unidade administrativa que ten encomendada a súa tramitación.

#### 4.1.2. Matrícula ordinaria: mes de maio

Poderá matricularse neste período:

- Alumnado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia que superase o bacharelato na convocatoria do curso actual.
  - 1.º) PREMATRÍCULA polo alumnado que se realizará nos centros correspondentes de educación secundaria: mes de maio
  - 2.º) MATRÍCULA nos LERD polos centros: finalizado o proceso de prematrícula do alumnado, os centros de educación secundaria enviaranlle ao LERD correspondente a documentación no prazo indicado.
- O alumnado de centros españois situados no exterior do territorio nacional, de programas educativos no exterior, programas internacionais, alumnado procedente de sistemas educativos estranxeiros e das ensinanzas a distancia e o alumnado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia que obteñan a dobre titulación de bacharelato español e de *baccalauréat* francés que superen os seus estudos no curso actual.

#### 4.1.3. Matrícula extraordinaria: xuño

Poderá matricularse neste prazo o alumnado de centros de Galicia que aprobe o segundo curso de bacharelato despois da resolución emitida pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación e Innovación Educativa das reclamacións ás cualificacións do Bacharelato.

## DOCUMENTACIÓN PARA REALIZAR A MATRÍCULA ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

### Documentos comúns

- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Resgardo acreditativo de ter aboados os prezos públicos de matrícula ou, se é o caso, documentación que acredite a exención destes segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula.
- Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cuberta (datos persoais, académicos e de matrícula para a ABAU- aplicación NERTA).
- Fotocopia do título de bacharelato LOMCE ou LOE/ *baccalauréat* francés ou, se é o caso, resgardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste. De cara a axilizar o proceso, estes resgardos individualizados pódense substituír por unha certificación do centro na que conste que todos os alumnos e alumnas fixeron o depósito do título de bacharelato.

- Os/as representantes dos centros acompañarán a matrícula dunha listaxe de alumnos e alumnas matriculados/as na ABAU con indicación do DNI, apelidos e nome, exención da Lingua Galega e Literatura II (se é o caso) e importe das taxas aboadas ou, se é o caso, xustificante de exención. Esta listaxe poderá ser xerada a través da aplicación informática NERTA.

## 4.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO

Igualmente o alumnado de centros de Galicia que acade o título de bacharelato na convocatoria extraordinaria de xuño realizará o proceso de matrícula de ABAU para a convocatoria extraordinaria de xullo a finais de xuño (prazo ordinario de matrícula) e principios de xullo (prazo extraordinario despois das reclamacións).

## 4.3. NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

De acordo co establecido no **artigo 4 da Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ECD/1941/2016, do 22 de decembro**, adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal do alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade.

A este respecto, poderanse adoptar medidas como: adaptación de tempos, elaboración de modelos especiais de exame, posta á disposición do alumnado dos medios materiais e humanos, asistencia, apoios e axudas técnicas que precise para a realización da proba, así como a garantía de accesibilidade á información e comunicación dos procesos e ao recinto ou espazo físico onde esta se desenvolva.

2. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade tomará como referencia as adaptacións curriculares realizadas para este ao longo da etapa educativa. Particularmente, contemplaranse medidas de flexibilización e metodolóxicas na avaliación de lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para os casos de alumnado con discapacidade auditiva, alumnado con dificultades na súa expresión oral e/ou trastornos da fala. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

3. O tribunal cualificador das probas poderá requirir os informes e a colaboración precisa dos órganos técnicos competentes da Administración educativa, así como dos centros onde cursasen bacharelato as alumnas e os alumnos con discapacidade. En todo caso a solicitude deberá ir acompañada do correspondente certificado do secretario/a do centro que indique as adaptacións realizadas durante o bacharelato ou ciclo formativo superior.

4. O alumnado con discapacidade e/ou con necesidades educativas especiais matriculado na proba de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade no Sistema Universitario de Galicia, cando requira unha adaptación específica para a realización da dita proba, poderá solicitar a adopción dalgunha das medidas arriba indicadas ante o presidente do Tribunal Único da proba segundo o procedemento de actuación establecido pola CiUG.

5. Fíxase un prazo para informar a CiUG da posibilidade de alumnado con necesidades especiais.

## PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN PARA ALUMNADO CON DISCAPACIDADE E/OU NECESIDADES ESPECIAIS NAS PROBAS DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE ORGANIZADAS POLA COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

**Destinatarios:** Poderá solicitar a aplicación deste procedemento o alumnado con discapacidade e/ou con necesidades educativas especiais matriculado en segundo de bacharelato ou ciclo formativo de grao superior que teña pensado presentarse á proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade no Sistema Universitario de Galicia, cando requira unha adaptación específica para a realización da dita proba. As solicitudes deberán facerse unicamente a través do centro no que o estudante realizase os estudos de bacharelato ou equivalentes.

**Acceso aos estudos universitarios:** O presente procedemento de actuación para a proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade enmárcase xuridicamente na aplicación do Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao (BOE do 7 de xuño), na Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte PCI/12/2019, do 14 de xaneiro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, e as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas no curso 2018-2019, así como na Orde do 24 de marzo de 2011 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG do 4 de abril) e que sinalan que o acceso á universidade española, desde calquera dos supostos a que se refiren os



anteditos real decreto e ordes, levarase a cabo con pleno respecto aos dereitos fundamentais e aos principios de igualdade, mérito e capacidade. Así mesmo, teranse en conta os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, segundo o establecido na Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (texto refundido no RD 1/2013, do 29 de novembro).

O Real decreto 412/2014 especificamente determina as seguintes actuacións:

*Artigo 5. Principios xerais de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.*

*1. A admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao levarase a cabo con respecto aos principios de igualdade, non discriminación, mérito e capacidade.*

*2. Todos os procedementos de admisión á universidade deberán realizarse en condicións de accesibilidade para os estudantes con discapacidade e en xeral con necesidades educativas especiais. As administracións educativas determinarán as medidas necesarias que garantan o acceso e admisión destes estudantes ás ensinanzas universitarias oficiais de grao en condicións de igualdade. Estas medidas poderán consistir na adaptación dos tempos, a elaboración de modelos especiais de exame e a posta á disposición do estudante dos medios materiais e humanos, das asistencias e apoios e das axudas técnicas que precise para a realización das avaliacións e probas que establezan as universidades, así como na garantía de accesibilidade á información e á comunicación dos procedementos e ao recinto ou espazo físico onde estes se desenvolvan.*

*A determinación das ditas medidas farase, se é o caso, con base nas adaptacións curriculares que se lle aplicaron ao estudante na etapa educativa anterior, para cuxo coñecemento as administracións educativas e os centros docentes deberán prestar colaboración.*

Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte PCI/12/2019, do 14 de xaneiro establece:

*Artigo 4. Características e deseño das probas.*

*Consonte ao artigo 24.4 do dito Real decreto 310/2016, velarase pola adopción das medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal do alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade.*

*Pola súa banda, a Orde do 24 de marzo de 2011, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG 4 de abril) establece:*

*Artigo 16. Estudantes con discapacidade.*

*1. A CiUG garantizará que os estudantes que presenten algún tipo de discapacidade poidan realizar os exercicios da proba de acceso á universidade nas debidas condicións de igualdade. A CiUG poderá adoptar as seguintes medidas: adaptación de tempos, elaboración de modelos especiais de exame, posta á disposición do estudante dos medios materiais e humanos, asistencias, apoios e axudas técnicas que precise para a realización da proba, así como a garantía de accesibilidade á información e comunicación dos procesos e ao recinto ou espazo físico onde esta se desenvolva.*

*2. En todo caso, a determinación destas medidas farase baseándose nas adaptacións curriculares cursadas no bacharelato.*

*3. O tribunal poderá requirir informes e a colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración educativa, así como dos centros onde cursasen bacharelato os estudantes con discapacidade.*

**Solicitudes e documentación necesaria:** As solicitudes, segundo o modelo establecido, deberán facerse a través dos departamentos de orientación dos centros de educación secundaria nos que o alumnado (este a cursar ou cursase os estudos de bacharelato ou ciclo formativo superior. Xustificarán a solicitude mediante o correspondente informe, que deberá estar avalado pola dirección do centro e que incluirá:

1. Os datos do estudante e do centro.
2. Certificado do secretario do centro cunha descrición detallada das adaptacións curriculares coas que cursou o bacharelato ou ciclo formativo superior, así como do período de aplicación das ditas medidas.
3. Unha proposta sobre as medidas que o departamento de orientación considera máis acaídas para que poida realizar a proba de acceso en condicións de igualdade e anonimato.
4. Autorización do interesado ou, se é o caso, dos pais ou tutores legais.

Xunto coas **solicitudes** poderán achegarse, de ser o caso, os seguintes documentos:

- Certificado que acredite discapacidade superior ao 33 % ou calquera outro grao de discapacidade recoñecida.

As solicitudes, segundo o **modelo** establecido debidamente cubertas e asinadas pola dirección do centro, secretario/a e o orientador/a, deberán enviarse por correo electrónico, con asunto "**Adaptación Proba Acceso – Nome do Centro**", ao enderezo electrónico da CiUG (CiUG@CiUG.gal).

**Prazo de solicitudes:** Co fin de que a CiUG poida levar a cabo as medidas que se determinen, establecerase un prazo de solicitude que será comunicado na páxina web da CiUG (<http://CiUG.gal/>).

**Lugar de realización das probas:** Dependendo do número e tipo de solicitudes, así como da natureza da adaptación necesaria, os exames para o alumnado con necesidades especiais levaranse a cabo, única e exclusivamente, en:

- **Comisión delegada 25:**  
Centro de ensino CRE Santiago Apóstol, ONCE  
Rúa Luis Braille, n.º 40  
36003 Pontevedra
- **Nalgunha das comisións delegadas** onde se realizarán as probas, que será determinada pola CiUG, e que actuará como comisión auxiliar da Comisión Delegada 25.

Para poder dispor das medidas indicadas neste procedemento, o estudante deberá acudir obrigatoriamente, segundo se lle indique na comunicación enviada ao centro, á sede da Comisión Delegada 25 ou da comisión que se lle indique.

## 5. LUGARES DE REALIZACIÓN

O alumnado realizará os exercicios da proba de avaliación nas comisións delegadas ás que estea adscrito o centro de bacharelato que lle corresponde, e que a CiUG lles comunicará aos centros.

## 6. ESTRUTURA DA PROBA

### 6.1. CONDICIÓNS XERAIS DA PROBA DE AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE

A proba de avaliación do bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao (ABAU) adecuarase ao currículo de bacharelato e versará sobre as materias xerais do bloque das materias troncais da modalidade elixida e sobre a materia de Lingua Galega e Literatura II, todas elas correspondentes ao segundo curso de bacharelato e, se é o caso, sobre as materias de opción do bloque das materias troncais de segundo curso.

As administracións educativas e as universidades públicas organizarán a proba de avaliación do bacharelato para acceso á universidade (ABAU) e garantirán a súa adecuación ao currículo de bacharelato así como a coordinación entre a universidade e os centros que dispensan bacharelato para a súa organización e realización.

### 6.2. ESTRUTURA DA PROBA ABAU

A proba de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) estrutúrase en dúas partes denominadas respectivamente parte obrigatoria e parte voluntaria.

#### Parte obrigatoria

A parte obrigatoria da proba ten por obxecto valorar a madurez e destrezas básicas que debe acadar o estudante ao finalizar o bacharelato para seguir as ensinanzas universitarias oficiais de grao, especialmente no que se refire á comprensión de mensaxes, uso da linguaxe para analizar, relacionar, sintetizar e expresar ideas, a comprensión básica dunha lingua estranxeira e os coñecementos e técnicas fundamentais dunha materia de modalidade. Versará sobre as materias troncais xerais cursadas, a materia correspondente do bloque das materias troncais da modalidade elixida, así como sobre a materia de Lingua Galega e Literatura II:

**MATERIAS TRONCAIS XERAIS E MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA**

- Historia de España
- Lingua Castelá e Literatura II
- Lingua Galega e Literatura II (poderá solicitar a exención do exercicio de Lingua Galega e Literatura II o alumnado con exención nesta materia no 2.º curso de bacharelato, segundo o previsto no artigo 3.3 do Real decreto 310/2016, do 29 de xullo).
- Primeira Lingua Estranxeira II: Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués (opción lingüística cursada)

**MATERIA DE MODALIDADE ( cursada)**

<b>ARTES</b>	<b>CIENCIAS</b>	<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	<b>HUMANIDADES</b>
Fundamentos da Arte	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais	Latín II

**Nota:** No caso da materia de modalidade o alumnado terá que examinarse obrigatoriamente da materia troncal correspondente á modalidade de bacharelato cursado.

Cada un dos cinco exercicios da parte obrigatoria da proba presentará dúas opcións diferentes entre as que o estudante deberá elixir unha.

Para a realización dos exercicios, os estudantes poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, os exercicios de Lingua Castelá e Literatura II, Lingua Galega e Literatura II e da Primeira Lingua Estranxeira II da que se trate deberán desenvolverse nas súas respectivas linguas.

Cada exercicio terá unha duración máxima de hora e media (90 minutos), e establecerase un intervalo mínimo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

**Parte voluntaria**

A **parte voluntaria** da proba ten por obxecto a avaliación dos coñecementos e a capacidade de razoamento nuns ámbitos disciplinares concretos relacionados cos estudos que se pretende cursar e permite mellorar a cualificación obtida na parte obrigatoria. A parte voluntaria da proba versará sobre:

- As **materias de opción** do bloque das materias troncais de segundo curso.
- As **materias xerais troncais específicas** de modalidade distintas daquela da que se examine na parte obrigatoria da proba.
- A materia **Segunda Lingua Estranxeira II: Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués** (unha das opcións lingüísticas diferente da opción cursada na materia troncal Primeira Lingua Estranxeira II).

MATERIAS OBJETO DE EXAME NA PARTE VOLUNTARIA		
MATERIAS DE OPCIÓN (para todas as modalidades)		MATERIAS DE MODALIDADE (agás aquela da que se examinou na parte obrigatoria)
Artes Escénicas	Grego II	-Fundamentos da Arte II (agás Bacharelato de Arte)
Bioloxía	Historia da Arte	-Latín II (agás Bacharelato de Humanidades)
Cultura Audiovisual II	Historia da Filosofía	-Matemáticas II (agás Bacharelato de Ciencias)
Debuxo Técnico II	Química	-Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais (agás Bacharelato de C. Sociais)
Deseño	Xeoloxía	<b>MATERIA OPTATIVA</b> -Segunda Lingua Estranxeira II: Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués <b>Nota:</b> a opción lingüística escollida será diferente da opción da que se examine na Primeira Lingua Estranxeira II
Economía da Empresa	Xeografía	
Física II		
Nota: para os efectos de organización da proba, o alumnado indicará na solicitude de matrícula de ABAU a materia ou materias (máximo catro materias) das que se examinará na parte voluntaria.		

Na parte voluntaria da proba cada estudante poderá examinarse dun **máximo de 4 materias** de entre aquelas que son obxecto de exame nesta parte da proba, agás aquela materia troncal de modalidade da que se examinou na parte obrigatoria da ABAU.

No caso da Segunda Lingua Estranxeira II a **opción lingüística** escollida será **diferente** da opción lingüística da que se examinou na Primeira Lingua Estranxeira II.

Cada un dos exercicios da parte voluntaria da proba presentará dúas opcións diferentes entre as que o estudante deberá elixir unha. Para a realización dos exercicios, os estudantes poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, o exercicio de Segunda Lingua Estranxeira II (Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués) deberá desenvolverse na súa respectiva lingua.

Cada exercicio terá unha duración máxima de hora e media (90 minutos), cun intervalo mínimo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

## 7. CUALIFICACIÓN E SUPERACIÓN DA PROBA DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)

### 7.1. Cualificación da parte obrigatoria

Cada un dos exercicios da parte obrigatoria cualifícase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais. A cualificación da parte obrigatoria será a media aritmética das cualificacións de todos os exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondado á milésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

### 7.2. Cualificación das materias da parte voluntaria

Cada unha das materias (**catro como máximo**) das que se examine o/a estudante na parte voluntaria cualifícase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a cinco puntos.

### 7.3. Superación da proba de avaliación de bacharelato para acceso á universidade (ABAU): mínimo 5 puntos

O acceso á universidade española, tanto pública como privada, para cursar estudos universitarios oficiais de grao, requirirá, con carácter xeral, a superación da proba de acceso.

Considerarase superada a ABAU cando o/a estudante obtivese unha nota igual ou superior a cinco puntos como resultado da media ponderada do **60 por cento** da nota media do bacharelato e o **40 por cento** da cualificación da parte obrigatoria e sempre que obtivese un mínimo de **catro puntos na cualificación da parte obrigatoria**.

$$0,6*NMB+0,4*CFX=>5$$

NMB= nota media do bacharelato CFX= cualificación da fase xeral (mínimo de 4 puntos)

A cualificación da ABAU exprésase en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

## 8. REVISIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

### 8.1. Procedemento de revisión das cualificacións obtidas

1. O alumnado e, se é o caso, os pais, nais ou titores/as legais poderán solicitar ante a presidencia do tribunal cualificador a revisión da cualificación obtida nunha ou varias das probas que compoñen a avaliación. O prazo de presentación destas solicitudes será de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación das cualificacións.

2. As probas sobre as cales se presentase solicitude de revisión serán analizadas, en primeiro lugar, co obxecto de verificar que todas as cuestións foron avaliadas e que non existen erros no proceso de cálculo da cualificación final.

No caso de existir algún erro, modificarase a cualificación, tanto á alza como á baixa. A cualificación provisoria obtida pasará a ser a nova cualificación.

A seguir será realizada unha segunda corrección por un novo profesor ou profesora especialista distinto ao que realizou a primeira corrección. No suposto de que a diferenza entre as dúas cualificacións sexa menor de dous puntos, a cualificación definitiva será a media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas correccións.

No suposto de que existise unha diferenza de dous ou máis puntos entre as dúas cualificacións, será efectuada unha terceira corrección por un profesor ou profesora especialista distinto aos anteriores. A cualificación final será a media aritmética das tres cualificacións.

Este procedemento deberá efectuarse no prazo máximo de cinco días hábiles, contados a partir da data de finalización do prazo de tres días establecido no número 1 desta instrución.

### 8.2. Dereito a ver as probas revisadas

O alumnado e, se é o caso, os pais, nais ou titores legais terán dereito a ver as probas revisadas unha vez finalizado o proceso de revisión, no prazo de dez días desde a notificación da resolución de revisión e segundo os termos do artigo 15.5 da Orde do 24 de marzo de 2011.

Unha vez finalizado na súa totalidade o procedemento de revisión establecido, adoptarase a resolución que estableza as cualificacións definitivas e seralle notificada ás persoas reclamantes, segundo o disposto no artigo 15.6 da Orde do 24 de marzo de 2011. Contra a resolución adoptada pola CiUG, que porá fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación ante a propia CiUG. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou se produza o acto presunto.

## 9. NOTA DE ADMISIÓN

Para a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, as universidades públicas empregarán para a adxudicación de prazas a nota de admisión que corresponda, que se calculará coa seguinte fórmula e se exprésará con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

$$\text{Nota de admisión} = 0,6 \cdot \text{NMB} + 0,4 \cdot \text{CFX} + a \cdot \text{M1} + b \cdot \text{M2}$$

NMB= nota media do bacharelato / CFX= cualificación da parte obrigatoria

M1, M2= as dúas materias superadas da parte voluntaria con mellor cualificación unha vez aplicados os parámetros de ponderación  
a,b= parámetros de ponderación das materias da parte voluntaria

A nota de admisión incorporará as cualificacións das materias superadas da parte voluntaria sempre que as devanditas materias estean adscritas á rama do coñecemento do título ao que se queira ser admitido.

Para a mellora da nota de admisión **terase tamén en consideración a cualificación obtida na parte obrigatoria na materia xeral específica de cada modalidade** do bloque das materias troncais (Matemáticas II, Latín II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II e Fundamentos da Arte II), sempre e cando a cualificación acadada na materia correspondente sexa igual ou superior a 5 puntos.

## 10. SUCESIVAS CONVOCATORIAS

Os estudantes poderán presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación da parte obrigatoria e/ou de calquera das materias da parte voluntaria.

Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior, e tendo en conta o período de validez de superación das materias de modalidade da parte voluntaria.

Nas sucesivas convocatorias, no caso de presentarse a mellorar a cualificación de calquera das fases, a proba de acceso realizarase na universidade pública ou distrito universitario ao que estea adscrito, para os efectos indicados, o centro de educación secundaria no que obtivesen o título de bacharelato ou na universidade ou distrito universitario ao que estea adscrito o centro de educación secundaria máis próximo ao seu lugar de residencia.

Os estudantes procedentes de sistemas educativos estranxeiros con estudos homologables ao título de bacharelato español poderán presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación da parte obrigatoria ou de calquera das materias da parte voluntaria. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.

## 11. PERÍODO DE VALIDEZ DAS PROBAS.

A cualificación da parte obrigatoria terá validez indefinida, sempre que se supere a proba de acceso á universidade.

A cualificación das materias da parte voluntaria terá validez para o acceso á universidade durante os dous anos académicos seguintes á superación destas.

## 12. ADSCRICIÓN DAS MATERIAS TRONCAIS IMPARTIDAS NO SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO ÁS RAMAS DE COÑECEMENTO

Adscrición das materias de opción do bloque de materias troncais de segundo curso de bacharelato da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, ás ramas de coñecemento establecidas no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais de grao.

MATERIA	RAMAS DE COÑECEMENTO
Artes Escénicas	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas
Bioloxía	Ciencias Ciencias da Saúde Ciencias Sociais e Xurídicas Enxeñería e Arquitectura
Cultura audiovisual II	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas

MATERIA	RAMAS DE COÑECEMENTO
Debuxo Técnico II	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas Enxeñaría e Arquitectura
Deseño	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas Enxeñaría e Arquitectura
Economía da Empresa	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas Enxeñaría e Arquitectura
Física	Ciencias Ciencias da Saúde Ciencias Sociais e Xurídicas Enxeñaría e Arquitectura
Grego II	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas
Historia da Arte	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas
Historia da Filosofía	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas
Química	Ciencias Ciencias da Saúde Ciencias Sociais e Xurídicas Enxeñaría e Arquitectura
Xeografía	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas
Xeoloxía	Ciencias Ciencias da Saúde Ciencias Sociais e Xurídicas Enxeñaría e Arquitectura

### 13. LUGARES DE ENTREGA E RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN ( LERDs)

#### Lugares de entrega e recollida de documentación- LERD

##### Universidade de Santiago de Compostela

##### ■ LERD 1 - Campus de Santiago de Compostela

Servizo de Xestión Académica

Pavillón Estudiantil, 2.º andar

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

INFORMACIÓN OIU: 881 812 000 / 881 811 000

Fax: 881 814 855 // **Enderezo-e:** sxa@usc.es

**■ LERD 2 - Campus de Lugo**

Edificio Biblioteca-Intercentros, planta baixa  
Campus Universitario  
27002 Lugo  
Tel.: 982 285 900, extensións: 23577 / 23579 / 23578  
Fax: 982 823 560 // **Enderezo-e:** sxa.lugo@usc.es

**Universidade da Coruña**

---

**■ LERD 3 - Campus de Elviña-A Coruña**

Pavillón de estudantes-Campus de Elviña  
15192 A Coruña  
Tel.: 981 167 000 exts.1190/1192 // **Enderezo-e:** lerdcoruna@udc.es

**■ LERD 4 -Campus de Ferrol**

Campus de Esteiro  
Edificio de Apoio ao Estudo, planta baixa  
15403 Ferrol  
Tel.: 981 337 451  
Fax: 981 337 417 // **Enderezo-e:** lerdfer@udc.es

**Universidade de Vigo**

---

**■ LERD 5 - Campus de Vigo – SIOPE**

Edificio Miralles  
Campus Universitario - Lagoas  
Marcosende  
36310 Vigo  
Tel.: 986 813 630 / 986 813 755  
Fax: 986 813 639 // **Enderezo-e:** sie@uvigo.es

**■ LERD 6 - Campus de Ourense**

Unidade Administrativa – Área de Servizos á Comunidade  
Campus As Lagoas  
32004 Ourense  
Tel.: 988 387 102  
Fax: 988 387 165 // **Enderezo-e:** asc-ou@uvigo.es

**■ LERD 7 - Campus de Pontevedra**

E. U. de Enxeñaría Técnica Forestal- Área de Servizos á Comunidade  
Campus A Xunqueira  
36005 Pontevedra  
Tel.: 986 801 949  
Fax: 986 802 060 // **Enderezo-e:** asc-po@uvigo.es



## 14. TÁBOAS DE PONDERACIÓN

Rama	Grao	Materias de opción e troncais de modalidade														
		Artes escénicas	Cultura audiovisual II	Debuxo técnico II	Deseño	Economía da empresa	Grego II	Fundamentos da arte II	Historia da arte	Historia da filosofía	Latín II	Matemáticas II	Matemáticas aplicadas II	Química	Xeografía	2ª Lingua estranxeira II
Artes e humanidades	Belas artes	0,2	0,2	0,2	0,2			0,2	0,2	0,1						
	Ciencias da cultura e difusión cultural	0,1	0,2		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2				0,2	0,2
	Ciencias da linguaxe e estudos literarios	0,1	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Español: estudos lingüísticos e literarios	0,2	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,2	0,2
	Filoloxía clásica	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Filosofía	0,1	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2
	Galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios	0,2	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,2	0,2
	Historia	0,1	0,1			0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2
	Historia da arte	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2
	Inglés: estudos lingüísticos e literarios	0,2	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,2	0,2
	Lingua e literatura españolas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Lingua e literatura galegas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Lingua e literatura inglesas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Linguas e literaturas modernas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Linguas estranxeiras	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Tradución e interpretación	0,1	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,2	0,2
	Xeografía e historia	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2
	Xestión dixital da información e documentación	0,1	0,2			0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1	0,2		0,2		0,1

Rama	Grao	Materias de opción e troncais de modalidade							
		Bioloxía	Debuxo técnico II	Física	Hª da filosofía	Matemáticas II	Matemáticas aplicadas II	Química	Xeoloxía
Ciencias	Bioloxía	0,2		0,2		0,2		0,2	0,2
	Biotecnoloxía	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Bioquímica	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Ciencias ambientais	0,2		0,1		0,1		0,2	0,2
	Ciencias do mar	0,2		0,2		0,2		0,2	0,2
	Ciencia e tecnoloxía dos alimentos	0,2		0,1		0,2		0,2	0,1
	Física	0,2		0,2		0,2		0,2	0,1
	Matemáticas	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,1
	Nanociencia e nanotecnoloxía	0,2		0,2		0,2		0,2	0,1
	Química	0,2		0,2		0,2		0,2	0,1

Ciencias da saúde	Enfermaría	0,2		0,1		0,2		0,2	
	Farmacía	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Fisioterapia	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Logopedia	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Medicina	0,2		0,1		0,1		0,2	
	Nutrición humana e dietética	0,2		0,1		0,2		0,2	
	Odontoloxía	0,2		0,1		0,1		0,2	
	Óptica e optometría	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Podoloxía	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Psicoloxía	0,2			0,1	0,1	0,2		
	Terapia ocupacional	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Veterinaria	0,2		0,2		0,2		0,2	

Rama	Grao	Materias de opción e troncais de modalidade												
		Artes escénicas	Bioloxía	Debuxo técn. II	Deseño	Economía da empresa	Física	Fundamentos da arte II	Historia da arte	Matemáticas II	Matemáticas aplicadas II	Química	Xeografía	Xeoloxía
Enxeñaría e arquitectura	Arquitectura técnica			0,2	0,2	0,1*	0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1
	Ciencia e enxeñaría de datos		**0		**0	0,2	0,2			0,2		0,1**		
	Enxeñaría aeroespacial			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,2		0,1
	Enxeñaría agraria		0,2	0,1			0,1	0,2		0,2		0,1		0,2
	Enxeñaría agrícola e agroalimentaria		0,2	0,1			0,1	0,2		0,2		0,2		0,1
	Enxeñaría biomédica		0,2	0,2			0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría civil			0,2	0,1		0,1	0,2		0,2		0,1		0,2
	Enxeñaría da enerxía			0,2			0,1	0,2		0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría de obras públicas			0,2	0,1		0,1	0,2		0,2		0,1		0,2
	Enxeñaría de procesos químicos industriais		0,1	0,2			0,1	0,2		0,2		0,2		0,1
	Enxeñaría de tecnoloxías de telecomunicación			0,2	0,1		0,1	0,2		0,2		0,1		
	Enxeñaría dos recursos mineiros e enerxéticos		0,1	0,2			0,1	0,2		0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría eléctrica			0,2			0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría electrónica industrial e automática			0,2			0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría en deseño industrial e desenvolvemento do produto			0,2	0,2		0,2	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría en organización industrial			0,2	0,2		0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría en química industrial			0,2			0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría en tecnoloxías industriais			0,2	0,1		0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría forestal		0,2	0,2			0,2	0,2		0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría forestal e do medio natural		0,2	0,2			0,2	0,2		0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría informática			0,2	0,1		0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría mecánica			0,2			0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría naval e oceánica			0,2			0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría química		0,1	0,2			0,1	0,2		0,2		0,2		
	Estudos de arquitectura			0,2	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1
	Náutica e transporte marítimo			0,2	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2		0,2		
	Paisaxe	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2
	Robótica			0,2	0,1		0,1	0,2		0,2		0,1		
Tecnoloxía da enxeñaría civil			0,2	0,2		0,1	0,2		0,2		0,1		0,2	
Tecnoloxías mariñas			0,2	0,2		0,1	0,2		0,2		0,2			

\*\* A partir do curso 2021/22 a ponderación pasa 0,2

Rama	Grao	Materias de opción e troncais de modalidade																	
		Artes escénicas	Bioloxía	Cultura audiovisual II	Debuxo técnico II	Deseño	Economía da empresa	Física	Fundamentos da arte II	Grego II	Historia da arte	Historia da filosofía	Latín II	Matemáticas II	Matemáticas aplicadas II	Química	Xeografía	Xeoloxía	2ª Lingua estranx. II
Ciencias sociais e xurídicas	Administración e dirección de empresas		0,2				0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Ciencias da actividade física e do deporte		0,2				0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Ciencia política e da administración			0,2			0,2			0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,1		0,2	0,2
	Ciencias empresariais		0,2				0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Comercio						0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Comunicación audiovisual	0,2		0,2		0,2	0,2			0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2		0,1	0,2
	Creación dixital, animación e videoxogos	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,1		0,2	0,2				
	Criminoloxía		0,1				0,1							0,2	0,2				0,2
	Dereito						0,2			0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,1		0,1	0,2
	Dirección e xestión pública						0,2			0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,2
	Economía		0,2				0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Educación infantil	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Educación primaria	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Educación social		0,2						0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2		0,2	0,2
	Empresa e tecnoloxía		0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2			0,1	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Mestre/a en educación infantil	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Mestre/a en educación primaria	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Pedagogía	0,1	0,2	0**			0**	0*		0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Publicidade e relacións públicas			0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2		0,1		0,2
	Relacións laborais e recursos humanos						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Socioloxía						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Traballo social						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2		0,2	0,2
	Turismo						0,2		0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Xeografía e ordenación do territorio						0,2		0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Xestión industrial de moda	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2		0,2	0,2	0,1			0,2
	Xornalismo	0,2		0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2

\*\* A partir do curso 2021/22 a ponderación pasa 0,2

\* A partir do curso 2021/22 a ponderación pasa a 0,1

# 6.

## Ingreso nos Centros Universitarios do SUG Proceso de admisión e matrícula

### 1. REQUISITOS DE ACCESO

Poderá acceder aos estudos universitarios oficiais de grao nas universidades españolas, nas condicións que para cada caso se determinan no Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, quen reúna algún dos seguintes requisitos:

- a) Estudantes en posesión do título de bacharelato do sistema educativo español ou doutro declarado equivalente.
- b) Estudantes en posesión do título de bacharelato europeo ou do diploma de bacharelato internacional.
- c) Estudantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos de bacharelato ou bacharelato procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros estados cos cales se subscribisen acordos internacionais aplicables a este respecto, en réxime de reciprocidade.
- d) Estudantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de bacharelato do sistema educativo español, obtidos ou realizados en sistemas educativos de estados que non sexan membros da Unión Europea cos cales non se subscribisen acordos internacionais para o recoñecemento do título de bacharelato en réxime de reciprocidade, sen prexuízo do disposto no artigo 4. *(En todos aqueles supostos en que se esixa a homologación de calquera título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros para o acceso á universidade, as universidades poderán admitir con carácter condicional os estudantes que acrediten ter presentado a correspondente solicitude da homologación, mentres se resolve o procedemento para tal homologación).*
- e) Estudantes en posesión dos títulos oficiais de técnico superior de formación profesional, de técnico superior de artes plásticas e deseño ou de técnico deportivo superior pertencentes ao sistema educativo español, ou de títulos, diplomas ou estudos declarados equivalentes\* ou homologados a eses títulos, sen prexuízo do dis-

\* Títulos declarados equivalentes a títulos oficiais de técnico superior de formación profesional, de técnico superior de artes plásticas e deseño ou de técnico deportivo superior:

- Títulos de técnico superior da formación profesional e equivalentes (técnicos especialistas de promocións anteriores á LOXSE. Anexo III do Real decreto 777/1998).
- Títulos de técnico superior de artes plásticas e deseño e os seus equivalentes (graduados en artes aplicadas e oficios artísticos segundo o Real decreto 440/1994 do 11 de marzo).
- Credencial de homologación ao título de técnico superior da formación profesional ou técnico especialista, expedida polo Ministerio de Educación.
- O título de perito mercantil homologado a técnico especialista da formación profesional polo Real decreto 265/1979 do 26 de xaneiro.
- Títulos de mestre industrial homologados a técnico especialista por Orde ministerial do 21 de novembro de 1975.
- Os mandos intermedios homologados a técnico especialista polo Real decreto 1690/1980 do 18 de xullo e Orde do 1 de xullo de 1982 que o desenvolve.

Deberán presentar certificado oficial de mandos intermedios de 2.º nivel; certificado dos estudos complementarios esixidos para a homologación con FP2 ou, no seu lugar, unha resolución de equivalencia a título de formación profesional de 2.º grao expedida polo MEC.

- Credencial de homologación ao título de técnico superior da formación profesional, expedida polo Ministerio de Educación aos pertencentes á escala básica, conforme a Lei 17/1989 das forzas armadas.

posto no artigo 4. *(En todos aqueles supostos nos que se esixa a homologación de calquera título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros para o acceso á universidade, as universidades poderán admitir con carácter condicional os estudantes que acrediten ter presentado a correspondente solicitude da homologación, mentres se resolve o procedemento para tal homologación).*

- f) Nos títulos oficiais de técnico superior en formación profesional, de técnico superior en artes plásticas e deseño e de técnico deportivo superior terase en conta a súa adscrición ás ramas de coñecemento establecidas no Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudos no ámbito da educación superior, así como as relacións directas que se establezan entre os estudos anteriormente citados e os graos universitarios.
- g) Estudantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos, diferentes dos equivalentes aos títulos de bacharelato, técnico superior de formación profesional, técnico superior de artes plásticas e deseño, ou de técnico deportivo superior do sistema educativo español, obtidos ou realizados nun Estado membro da Unión Europea ou noutros estados cos cales se subscribisen acordos internacionais aplicables a este respecto, en réxime de reciprocidade, cando tales estudantes cumpran os requisitos académicos esixidos no citado Estado membro para acceder ás súas universidades.
- h) Persoas maiores de vinte e cinco anos que superen a proba de acceso establecida no Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.
- i) Persoas maiores de corenta anos con experiencia laboral ou profesional en relación cunha ensinanza.
- j) Persoas maiores de corenta e cinco anos que superen a proba de acceso establecida no Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.
- k) Estudantes en posesión dun título universitario oficial de grao, máster ou título equivalente.
- l) Estudantes en posesión dun título universitario oficial de diplomado universitario, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto, enxeñeiro, correspondentes á anterior ordenación das ensinanzas universitarias ou título equivalente.
- m) Estudantes que cursasen estudos universitarios parciais estranxeiros ou españois, ou que log de finalizar os estudos universitarios estranxeiros non obtivesen a súa homologación en España e desexen continuar estudos nunha universidade española. Neste suposto, será requisito indispensable que a universidade correspondente lles recoñecese polo menos 30 créditos ECTS.
- n) Estudantes que estivesen en condicións de acceder á universidade segundo as ordenacións do sistema educativo español anteriores á Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro:
  - Bacharelato de 1934 e 1938 con exame de estado
  - Bacharelato de 1953-57 con Preu e proba de madurez
  - Bacharelato plan 1970 con COU, curso de 1971-72 a febreiro de 1975
  - Bacharelato plan 1975 BUP con COU e selectividade
  - Bacharelato do plan experimental e proba homologada do dito plan
  - Bacharelato LOXSE e selectividade

Todos aqueles estudantes matriculados en diplomaturas ou enxeñerías técnicas (procedentes de preuniversitario, COU, bacharelato experimental sen proba homologada ou bacharelato LOXSE sen selectividade ata a esixencia deste requisito polo Real decreto 69/2000), poden matricularse no grao que substitúe aos estudos nos que estaban matriculados e nos novos graos.

---

— Título de obtención de 1.º emprego na escala de suboficiais da Garda Civil, (homologado ao título de técnico superior da formación profesional) conforme á Lei 42/1999, de réxime do persoal da Garda Civil.

— Título de obtención do 1.º emprego na escala de suboficiais (homologado ao título de técnico superior da formación profesional) conforme á Lei 17/1999 das forzas armadas.

— Resolución da Subdirección Xeral de Formación Profesional do MEC de equivalencia da categoría de oficial de policía do Corpo Nacional de Policía e título de bacharelato ou equivalente co título de técnico superior da formación profesional

## 2. PROCEDIMENTOS DE ADMISIÓN

### Solicitud anticipada

1. Alumnado en posesión do título de bacharelato do sistema educativo español ou título equivalente obtido en anos anteriores e coa PAU ou ABAU aprobada, excepto aqueles que se presenten á ABAU na convocatoria ordinaria do curso actual.
2. Titulados de formación profesional, excepto aqueles que se presenten no SUG á parte voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria do curso actual.
3. O alumnado en posesión do título de bacharelato europeo en virtude das disposicións contidas no convenio polo que se establece o estatuto das escolas europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e o alumnado que obtivese o diploma de bacharelato internacional, expedido pola Organización de Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza), excepto aquel que se presente no SUG á parte voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria do curso actual.
4. Alumnado de países membros da Unión Europea ou de estados cos que se subscribisen acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpra cos requisitos académicos esixidos no seu sistema educativo de orixe para acceder ás súas universidades mediante credencial da UNED e desexe solicitar praza no SUG, excepto aquel que se presente no SUG á parte voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria do curso actual.
5. Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de bacharelato do Sistema Educativo Español, obtidos ou realizados en sistemas educativos de estados que non sexan membros da Unión Europea cos que non se subscribisen acordos internacionais para o recoñecemento do título de bacharelato en réxime de reciprocidade, **que cumpra** os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder ás súas universidades, excepto aquel que se presente no SUG á parte voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria do curso actual.
6. Titulados/as universitarios/as do SUG e de distritos de fóra de Galicia de anos anteriores.
7. Alumnado que teña superadas as probas específicas de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
8. Alumnado que teña superadas no SUG as probas específicas de acceso á universidade para maiores de 45 anos.

### Solicitud ordinaria

1. Alumnado dos centros de bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia ou de fóra de Galicia que aproben a ABAU na convocatoria ordinaria do curso actual, presente ou non reclamación ás cualificacións obtidas nesta.
2. Alumnado dos centros de bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia ou de fóra de Galicia de anos anteriores, que se presente á parte voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria do curso actual para mellorar a súa nota de acceso, presente ou non reclamación ás cualificacións obtidas.
3. Titulados/as de formación profesional dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia ou de fóra de Galicia de anos anteriores, que se presente á parte voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria do curso actual para mellorar a súa nota de acceso, presente ou non reclamación ás cualificacións obtidas.
4. Alumnado de países membros da Unión Europea ou de estados cos que se subscribisen acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpra os requisitos académicos esixidos no seu sistema educativo de orixe para acceder ás súas universidades mediante credencial da UNED, que se presente á parte voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria do curso actual para mellorar a súa nota de acceso, presente ou non reclamación ás cualificacións obtidas.
5. Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de bacharelato do sistema educativo español, obtidos ou realizados en sistemas educativos de estados que non sexan membros da Unión Europea cos que non se subscribisen acordos internacionais para o recoñecemento do título de bacharelato en réxime de reciprocidade, **que cumpra** os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder ás súas universidades, que se presente á parte voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria do curso actual para mellorar a súa nota de acceso, presente ou non reclamación ás cualificacións obtidas.

6. Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de bacharelato do sistema educativo español, obtidos ou realizados en sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou de estados cos que se subscribisen acordos internacionais aplicables ao respecto, **que non cumpra** os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder ás súas universidades, e que, para mellorar a súa nota de acceso á universidade se presente á ABAU (parte obrigatoria e/ou voluntaria) na convocatoria ordinaria do curso actual para mellorar a súa nota de acceso, a mellore ou non, presente ou non reclamación ás cualificacións obtidas.
7. Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de bacharelato do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de estados que non sexan membros da UE e cos que non se subscribisen acordos internacionais aplicables ao espeto, **que non cumpra** os requisitos académicos esixidos no seu respectivo sistema educativo para acceder ás súas universidades e que, para mellorar a súa nota de acceso á universidade, se presentase á ABAU (parte obrigatoria e/ou voluntaria) na convocatoria ordinaria do curso actual, a mellore ou non e presente ou non reclamación ás cualificacións obtidas.

### Solicitud extraordinaria

Alumnado que aprobe a ABAU despois da reclamación.

### Solicitudes especiais

Neste caso realizaranse os trámites administrativos de preinscrición ás ensinanzas universitarias a través dos LERD, en horario de oficina.

1. Titulados universitarios na convocatoria ordinaria de xuño, nos prazos determinados para o efecto.
2. Estudantes que accedan á universidade pola vía prevista no artigo 9.1.b), 9.2.b) e 9.2.c) do Real decreto 412/2014, do 6 de xuño:
  - 9.1.b) Estudantes en posesión do título de bacharelato europeo en virtude das disposicións contidas no convenio polo que se establece o Estatuto das Escolas Europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994; estudantes en posesión do diploma de bacharelato internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suiza), e estudantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos de bacharelato procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros estados cos que se subscribisen acordos internacionais aplicables ao respecto, en réxime de reciprocidade, sempre que cumpran os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder ás súas universidades.
  - 9.2.b) Estudantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de bacharelato do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros estados cos que se subscribisen acordos internacionais aplicables ao respecto, en réxime de reciprocidade, cando os ditos estudantes **non cumbran** os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder ás súas universidades contén coa **homologación** correspondente.
  - 9.2.c) Estudantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos, obtidos ou realizados en sistemas educativos de estados que non sexan membros da Unión Europea cos que non se subscribisen acordos internacionais para o recoñecemento do título de bacharelato en réxime de reciprocidade, homologados ou declarados equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, sen prexuízo do disposto no artigo 4. (*En todos aqueles supostos en que se esixa a homologación de calquera título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros para o acceso á universidade, as universidades poderán admitir con carácter condicional os estudantes que acrediten ter presentado a correspondente solicitude da homologación mentres se resolve o procedemento para tal homologación*).

## 3. ORGANIZACIÓN DO ACCESO

A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) xestionará o proceso de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia cumprindo co principio de distrito único.

## 4. CONVOCATORIAS DE ACCESO

O proceso de acceso constará de dúas convocatorias de preinscrición: ordinaria e extraordinaria. En cada unha delas, a CiUG establecerá as datas para a entrega das solicitudes de acceso e das reclamacións á preinscrición, respectando os prazos mínimos que estableza para todas as universidades a Conferencia Xeral de Política Universitaria. As datas para a presentación de solicitudes de acceso serán as mesmas para todo o Sistema Universitario de Galicia e faranse públicas na sede da CiUG, nos lugares de entrega e recollida de documentación (LERD) e nos reitorados das tres universidades de Galicia, e terán efectos de notificación oficial aos interesados.

## 5. OFERTA DE PRAZAS

As universidades do Sistema Universitario de Galicia farán público o número máximo de prazas que oferten para cada titulación e centro. A CiUG publicará, en cada unha das convocatorias de preinscrición, o número de prazas que para titulación, centro e cota oferten as universidades.

O total de prazas que oferten as universidades para cada título e centro repartiranse entre a cota xeral e as cotas de reserva.

As prazas obxecto de reserva que queden sen cubrir acumularanse ás ofertadas polas universidades pola cota xeral en cada unha das convocatorias de preinscrición.

O total de prazas que, se é o caso, se oferten en cada titulación e centro na convocatoria extraordinaria, repartiranse atendendo ás porcentaxes dispostas para as cotas de reserva.

Non obstante, deberase ter en conta que, se o novo número que resulte en cada cota de reserva é maior que as prazas que sobraron na devandita cota na convocatoria ordinaria, tomarase como oferta de prazas as que sobraron na convocatoria ordinaria.

Os alumnos e as alumnas que reúnan os requisitos para solicitar o acceso por máis dunha cota poderán facer uso da devandita posibilidade.

### 5.1. Cota xeral

As prazas da cota xeral adxudicaráselles aos estudantes que reúnan algún dos requisitos nas alíneas a), b), c), d), e), f) e m) da epígrafe Requisitos de acceso.

### 5.2. Cota de reserva

Reservarase unha porcentaxe do total de prazas que para cada título e centro oferten as universidades para as cotas de reserva que se sinalan a continuación:

#### a) Titulados universitarios ou equivalentes

Para as persoas que estean en posesión dunha titulación universitaria oficial ou equivalente reservarase o 1 por cento das prazas totais de cada titulación.

#### b) Alumnado con discapacidade

Para as persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, así como para aquelas con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade, que durante a súa escolaridade anterior precisasen de recursos e apoios para a súa plena normalización educativa, reservarase o 5 % das prazas totais de cada titulación.

O certificado, ditame ou procedemento de valoración das discapacidades realizarao o órgano competente da comunidade autónoma de procedencia do interesado ou interesada.

Non obstante, en atención ás persoas con discapacidade, cando non se oferte unha titulación e centro na convocatoria extraordinaria, por terse cuberto a totalidade das prazas na convocatoria ordinaria por non concorrer solicitantes suficientes, as universidades poderán aumentar as prazas ata completar o 5 por cento, para que accedan os estudantes con discapacidade que participen na convocatoria extraordinaria.

### c) Deportistas de alto nivel e alto rendemento

Para os deportistas de alto nivel ou de alto rendemento que acrediten esta condición, reservárase o 3 por cento das prazas totais de cada titulación, agás nos casos das titulacións oficiais de grao en ciencias da actividade física e o deporte e grao en fisioterapia, en que se reservará un 8 por cento do total.

As cotas de reserva de prazas para os deportistas de alto nivel ou alto rendemento manteranse nas diferentes convocatorias de preinscrición que se realicen ao longo do ano.

Os deportistas de alto nivel ou alto rendemento estarán exentos da realización das probas específicas de acceso ao grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

### d) Maiores de 25 anos

Para as persoas que superen a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos de idade, reservárase o 2 por cento das prazas totais de cada titulación.

### e) Maiores de 45 anos

Para as persoas que superen a proba de acceso á universidade para maiores de 45 anos de idade, reservárase o 2 por cento das prazas totais de cada titulación.

### f) Maiores de 40 anos por experiencia laboral

Reservárase o 1 por cento das prazas totais de cada titulación.

## 6. NORMAS PARA A SOLICITUDE DE ADMISIÓN A ESTUDOS UNIVERSITARIOS DE GRAO

1. A solicitude de admisión entregárase debidamente cuberta, dentro dos prazos establecidos pola CiUG, na aplicación telemática NERTA ou nalgún dos LERD.
2. O alumnado poderá indicar na súa solicitude de admisión, por orde de preferencia, ata cinco titulacións diferentes, cun máximo de dez peticións no caso de titulacións autorizadas en máis dun centro.
3. As autoridades desestimarán as solicitudes de admisión que non cumpran cos requisitos esixidos nas convocatorias de preinscrición. Contra esta decisión, o alumnado poderá presentar unha reclamación ante o presidente da CiUG, no LERD elixido polo alumno ou alumna para a entrega da súa solicitude de acceso e nos prazos establecidos para o efecto.

A resolución da reclamación correspóndelle á CiUG e será asinada polo delegado ou delegada do reitor da universidade na que se imparta a titulación que motivou a reclamación.

A adxudicación realízase por estrita orde de preferencia, o alumno ou alumna será admitido/a nunha única titulación, que será aquela de maior preferencia na que acadase praza segundo nota de admisión.

As titulacións solicitadas en menor preferencia ca aquela na que resulte admitido eliminaranse automaticamente das listas de espera.

Na convocatoria de setembro non se ofertarán as titulacións que cubren todas as prazas na matrícula de xuño.

## 7. PRIORIDADE TEMPORAL NA ADXUDICACIÓN

Para a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao nas que se produza un procedemento de concorrencia competitiva, é dicir, nas que o número de solicitudes sexa superior ao número de prazas ofertadas, as universidades adxudicarán as prazas atendendo os seguintes criterios:

- a) En primeiro lugar, adxudicaranse prazas aos estudantes que reúnan os requisitos académicos para o acceso á universidade na convocatoria ordinaria do ano en curso ou en convocatorias ordinarias ou extraordinarias de anos anteriores.
- b) En segundo lugar, adxudicaranse prazas aos estudantes que reúnan os requisitos académicos para o acceso á



universidade na convocatoria extraordinaria do ano en curso.

- c) En todo caso, deberase ter en conta que o alumnado que presente na convocatoria extraordinaria a súa solicitude de admisión para o ingreso, aínda que superase a proba de acceso á universidade ou estudos que o habilitan para acceder á universidade na convocatoria ordinaria do ano en curso ou anos anteriores, non terá prioridade sobre as persoas que fixeron a súa solicitude na convocatoria ordinaria.

Dentro de cada unha destas preferencias, as solicitudes ordenaranse de maior a menor nota de admisión.

Para o acceso ás titulacións con límite de prazas non existe unha nota determinada previamente, senón que esta depende do número de prazas existentes para a titulación, do número de solicitantes e das cualificacións que estes acaden.

Esta nota de acceso ou nota de corte correspóndese coa nota do último alumno admitido en cada titulación.

## 8. CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS EN TITULACIÓN CON LÍMITE DE PRAZAS

As solicitudes que, atendendo aos criterios recollidos no punto anterior, se atopen en igualdade de condicións, ordenaranse en función da nota de admisión que corresponda, expresada con tres cifras decimais e arredondada á milésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior, tendo en conta o disposto nas seguintes epígrafes:

### a) Estudiantes que superen a avaliación do bacharelato para acceso á universidade (ABAU).

A nota de admisión calcularase coa seguinte fórmula:

